

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA A SEGUNDA FASE DO PROXECTO DO PLAN ESTRATÉXICO DO ENCORO DE BECHE

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. José Antonio Santiso Miramontes, en nome e representación como Alcalde Presidente do **Concello de Abegondo**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).



Que tal e como establece a Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

Que a Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

Así mesmo, o artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde "a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago".

Segundo.- Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos



194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- Que a celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2022 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

Na Idade Media, viaxeiros procedentes do norte de Europa, especialmente de Inglaterra, desembarcaban nas costas coruñesas para iniciar a súa peregrinación. Ben partindo da Coruña ou de Ferrol, uníanse na aldea das Travesas (Abegondo), nas inmediacións de Hospital de Bruma (Mesía), e continuaban en dirección a Santiago de Compostela. Este percorrido coñécese como o Camiño Inglés e é un dos que transcorren de forma íntegra pola provincia. Son terras que destacan especialmente polo seu patrimonio cultural, como se comproba xa ao comezo: a Torre de Hércules, o faro romano Patrimonio da Humanidade que se atopa na Coruña, era e é a encargada de guiar ás embarcacións que atravesan o corredor atlántico. En tempos xa máis recentes, se algunha destas embarcacións quería entrar na ría de Ferrol, dúas construcións militares estratexicamente colocadas a ambos os dous lados da ría controlaban o seu acceso: os castelos de San Felipe e da Palma.

Saíndo de Ferrol, percórrense os concellos de Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo, Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

A Axencia Turismo de Galicia está por tanto interesada tanto na súa mellora e posta en valor, como na atención e coidado ao peregrino.



Quinto.- O presente convenio ten por obxecto a execución da segunda fase do proxecto do plan estratéxico do encoro de Beche.

O encoro, convertido nun parque fluvial navegable, inaugurou as súas instalacións xunto á presa, a única navegable que existe na comarca. Trátase dunha zona con mesas e bancos, grellas cubertas, un parque de xogos de aventura e unha zona verde. A área recreativa conta, ademais, cunha zona de terra e de auga pensadas para quen se achegue á presa para practicar diversas actividades, como a pesca deportiva, kaiak, vela lixeira, bicicleta e sendeirismo.

A idea do Concello de Abegondo é a de ampliar os usos da contorna do encoro. De aí que levou a cabo no ano 2021 o Plan Estratéxico do Embalse de Beche. O plan estratéxico pretende crear un polo de atracción no percorrido do Camiño, que sirva como parada obrigatoria para os peregrinos e que ao mesmo tempo dea servizo aos cidadáns de Abegondo e da contorna inmediata.

A etapa do Camiño de Santiago de Betanzos a Mesón do Vento, no Camiño Inglés, experimentou varios cambios. Especialmente o tramo de Presedo a Hospital de Bruma, onde se estableceu unha desviación que transcorre por un dos laterais do encoro de Beche, posibilitando o paso de peregrinos por esta contorna.

A primeira acción proposta para poder aproveitar os recursos naturais e xeográficos do encoro, levouse a cabo na primeira fase do Plan Estratéxico de Beche, no que se construíu un campamento turístico, que se prevé inaugurar esta primavera. Con esta actuación poderase dar aloxamento tanto a peregrinos como a outra pluralidade de usuarios que, atraídos pola contorna e o resto de actuacións xa executadas, opten por planificar a súa estancia no campamento turístico de Beche.

O Concello de Abegondo pretende engadir novos usos á área recreativa de Beche e a súa contorna, co que proxecta levar a cabo unha segunda fase do Plan Estratéxico do Embalse de Beche. A actuación para a que se solicita a axuda xorde co fin de dotar o



municipio dun polo de atracción turístico e de servizos da contorna do encoro de Beche, onde xa existen instalacións municipais que se complementarían coas propostas.

As obras que se pretenden realizar consisten na construción dunha piscina exterior e o acondicionamento e axardinamento da zona e instalacións complementarias. Preténdese que a construción da piscina ao aire libre se integre perfectamente na contorna, evitando a xeración dun impacto visual considerable e que permita desfrutar desta instalación a usuarios de todas as idades, así como a non interferencia entre os demais usuarios da contorna.

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto antes descrito, co fin de incrementar a favorecer a atención e coidado ao peregrino, o que ademais suporá a súa posta en valor de cara á celebración do Ano Santo Xacobeo, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrencia, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Por todo o exposto acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Abegondo para a realización da segunda fase do proxecto do plan estratéxico do encoro de Beche.



Segunda.- Orzamento e financiamento. Gastos subvencionables

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio é de **389.580,00 € (IVE incluído)**, co detalle que se establece no anexo a este convenio e do cal forma parte.

A Axencia Turismo de Galicia achegará 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.760.0, proxecto 2015 00006, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2022**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Compromisos das partes

1. O Concello, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo



2021-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 104/2021, do 24 de xuño, polo que se aproba a actualización do Manual de identidade gráfica Xacobeo 2021-22 (DOG núm. 132, do 13 de xullo).

- Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle



poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento

1. O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións á entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.



- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, o Concello deberá achegar:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do Xacobeo 21-22.

- Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións e o resultado final unha vez executadas, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo o concello contratante o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

5. A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o **30 de novembro de 2022**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



A cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do importe total de adxudicación das obras.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo serán compensables entre si as partidas das accións previstas no presente convenio, cuxo orzamentos estimados se establecen na cláusula segunda.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: *“1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención”.



Novena.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo concello e por un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.



A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.



c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do



procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran non convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do



registro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo oitava.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Décimo novena.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados



das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

O presidente de Turismo de Galicia

O alcalde do Concello de Abegondo

Alfonso Rueda Valenzuela

José Antonio Santiso Miramontes



ANEXO: ORZAMENTO

DESCRIPCIÓN	IMPORTE € CON IVE
Construcción piscina exterior	239.580,00
Pérgola	14.000,00
Peche	35.000,00
Urbanización	44.000,00
Instalacións edificio	43.000,00
Rede de sumidoiros	14.000,00
TOTAL	389.580,00

